

ministros e secretarios de Estado que a lei non lles atribúa ós xulgados centrais do contencioso-administrativo.

b) En única instancia, dos recursos contencioso-administrativos contra os actos dictados pola Comisión de Vixilancia de Actividades de Financiamento do Terrorismo. Coñecerá, así mesmo, da posible prórroga dos prazos que lle propoña a dita comisión de vixilancia respecto das medidas previstas nos artigos 1 e 2 da Lei 12/2003, de prevención e bloqueo do financiamento do terrorismo.

c) Dos recursos devolutivos que a lei estableza contra as resolucións dos xulgados centrais do contencioso-administrativo.

d) Dos recursos non atribuídos ós tribunais superiores de xustiza en relación ós convenios entre as administracións públicas e ás resolucións do Tribunal Económico-Administrativo Central.

e) Das cuestións de competencia que se poidan suscitar entre os xulgados centrais do contencioso-administrativo e daqueles outros recursos que excepcionalmente lle atribúa a lei.»

Artigo segundo. Modificación da Lei reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa.

Engádeselle unha alínea e) ó artigo 11.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa, co seguinte texto:

«e) Dos recursos contra os actos dictados pola Comisión de Vixilancia de Actividades de Financiamento do Terrorismo, e da autorización de prórroga dos prazos das medidas da dita comisión, conforme o previsto na Lei de prevención e bloqueo do financiamento do terrorismo.»

Disposición derradeira primeira.

O disposto no artigo segundo desta lei orgánica ten carácter de lei ordinaria.

Disposición derradeira segunda.

Esta lei orgánica entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Por tanto,

Mando a tódolos españois, particulares e autoridades, que cumbran e fagan cumprir esta lei orgánica.

Madrid, 21 de maio de 2003.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
JOSÉ MARÍA AZNAR LÓPEZ

10288 LEI 11/2003, do 21 de maio, reguladora dos equipos conxuntos de investigación penal no ámbito da Unión Europea. («BOE» 122, do 22-5-2003.)

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban tódolos que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Co Tratado de Amsterdam naceu a idea de crear, no ámbito da Unión Europea, un espacio de liberdade,

seguridade e xustiza, e desde a celebración do Consello Europeo de Tampere, en outubro de 1999, outorgouse un especial impulso á consecución deste obxectivo. A partir dos acontecementos ocorridos en setembro de 2001, tales premisas adquiriron unha maior relevancia, razón pola cal os estados membros centraron os seus esforzos en adoptar as medidas necesarias para potencia-la cooperación nas investigacións criminais, na loita contra a delincuencia organizada, contra o tráfico de drogas e a trata de seres humanos e, en especial, na loita contra o terrorismo.

Un dos instrumentos para conseguir este obxectivo é a creación de equipos conxuntos de investigación, que aparece recollida tanto no propio Tratado da Unión Europea coma no convenio relativo á asistencia xudicial en materia penal do 29 de maio de 2000. Tendo en conta que este convenio aínda non foi ratificado polos estados membros, e para accelera-la posta en marcha dos citados equipos, elaborouse, no seo do Consello de Ministros de Asuntos de Xustiza e Interior, un proxecto de decisión marco, impulsado por España, Francia, o Reino Unido e Bélxica, relativo integramente ós equipos conxuntos de investigación.

Trátase, pois, de crear, no ámbito da Unión Europea, un instrumento específico e vinculante que lles permita ós estados levaren a cabo actuacións coordinadas e concertadas a través de investigacións conxuntas que se desenvolvan no territorio de dous ou máis estados.

Esta é a finalidade perseguida por esta lei, incorporar ó noso ordenamento xurídico os mecanismos necesarios para crear equipos conxuntos de investigación penal no ámbito da Unión Europea. E malia non ter sido aínda aprobada a citada decisión marco, considérase de grande interese presenta-lo instrumento normativo nacional que permita accelera-la creación e posta en marcha destes equipos.

A finalidade dos equipos conxuntos, como non podía ser doutro xeito, é a realización de investigacións no territorio dun ou de varios estados membros, a través dun grupo ad hoc formado por representantes de tódolos estados que acorden a constitución do equipo.

É evidente que estas investigacións conxuntas permitirán alcanzar maiores cotas de eficacia e eficiencia na loita contra a delincuencia organizada con carácter xeral; pero, tamén é razoable que no contexto mundial actual se poña unha especial énfase na loita contra o terrorismo e que se lles outorgue prioridade ós acordos de constitución de equipos conxuntos de investigación que persigan estes fins.

En canto ó contido da lei, está estruturada en tres capítulos. O capítulo I regula o obxecto da lei e as definicións dos termos contidos nela, segundo o disposto na normativa comunitaria.

A continuación, o capítulo II está dedicado especificamente ós equipos conxuntos de investigación que vaian actuar en España, ben sexa porque a autoridade competente española solicítase directamente a súa creación, ben porque participase na dita creación xunto a outros estados.

Regúlanse as normas xerais de actuación destes equipos, isto é, o contido mínimo do acordo de constitución, a súa composición (con especial referencia á posible incorporación a el de persoas que non sexan representantes daqueles, como funcionarios de organismos creados de conformidade co Tratado da Unión Europea), o tratamento da información obtida polo equipo durante a investigación, a execución de medidas de investigación e o réxime especial de responsabilidade patrimonial dos membros doutros estados, asimilándoo ó dos españois, cando realicen as tarefas propias do equipo.

Finalmente, o capítulo III contén unha referencia á actuación de equipos nos que España participe, cando

actúen fóra do territorio; neste caso rexeranse pola lexislación do Estado onde desenvolvan as súas funcións.

Por último, as disposicións adicionais e as derradeiras fan referencia ó réxime xurídico aplicable á actuación destes equipos, á participación de unidades especializadas da Unión Europea, así como á habilitación ó Goberno para o seu desenvolvemento regulamentario e á entrada en vigor.

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 1. *Obxecto.*

Esta lei ten por obxecto regula-la constitución de equipos conxuntos de investigación entre dous ou máis estados membros da Unión Europea, cando a súa creación sexa solicitada por algún deles e participe a autoridade competente española ou as súas actividades se desenvolvan en territorio español.

Artigo 2. *Definicións.*

Para os efectos previstos nesta lei enténdese por:

a) «Equipo conxunto de investigación», o constituído por acordo das autoridades competentes de dous ou máis estados membros da Unión Europea para levar a cabo investigacións penais no territorio dalgún ou de todos eles, que requiran unha actuación coordinada, cun fin determinado e por un período limitado.

b) «Membros destinados», os membros do equipo conxunto de investigación procedentes de estados distintos a aquel no que actúa o equipo; cando os citados membros teñan a condición de funcionarios segundo as súas respectivas lexislacións nacionais, denominaranse «funcionarios destinados».

c) «Medidas de investigación», calquera tipo de actuación que se realice no seo da investigación prevista no acordo de constitución.

Artigo 3. *Autoridade competente española.*

As referencias á autoridade competente española entenderanse feitas:

Á Audiencia Nacional, cando a investigación recaia sobre os delitos nos que o axuízamento lle corresponda ó dito órgano xurisdiccional, e participen no equipo membros das carreiras xudicial ou fiscal.

O Ministerio de Xustiza, cando a investigación recaia sobre os delitos para o axuízamento dos cales non resulte competente a Audiencia Nacional, e participen no equipo membros das carreiras xudicial ou fiscal.

O Ministerio do Interior, a través da Secretaría de Estado de Seguridade, en tódolos supostos en que non participen no equipo conxunto de investigación membros das carreiras xudicial ou fiscal.

CAPÍTULO II

Constitución dun equipo conxunto de investigación que vaia actuar en España

Artigo 4. *Adopción do acordo de constitución.*

1. Corresponderalle á autoridade competente española valorar e adoptar, se é o caso, os acordos de constitución de equipos conxuntos de investigación que vaian actuar en España.

2. A autoridade competente española outorgaralles preferencia en tódolos casos ás investigacións relacionadas con delitos de terrorismo.

Artigo 5. *Contido do acordo.*

O acordo de constitución dun equipo conxunto de investigación que vaia actuar no territorio español deberá conter, como mínimo, as especificacións seguintes:

a) Vontade explícita, manifestada pola autoridade competente de cada Estado membro solicitante, de constitución do equipo conxunto de investigación.

b) Motivación suficiente da súa necesidade e tempo máximo de vixencia do equipo para os fins que se determinen.

c) Obxecto determinado e fins da investigación.

d) Proposta de composición do equipo, tendo en conta que o xefe deste será designado pola autoridade competente española.

e) Referencia explícita á lexislación aplicable á actuación do equipo constituído.

f) Especificación, se é o caso, das medidas organizativas que sexan necesarias para que o equipo poida actuar.

g) Competencias do xefe do equipo.

h) Réxime xurídico sobre a utilización, polos membros do equipo, das informacións obtidas no curso da investigación.

i) Autorización ou condicións que deberán concorrer para que persoas non constituíntes do equipo poidan participar nas súas actividades, nos termos do artigo 10. Neste caso, deberase facer unha referencia explícita ós dereitos conferidos a estes.

Artigo 6. *Medidas organizativas.*

1. De conformidade co disposto no artigo 5.d), a autoridade competente española designará o xefe do equipo conxunto de investigación que vaia actuar en España. Cando o equipo vaia desenvolver actividades fóra do territorio español, observarase o que dispoña a normativa do Estado correspondente.

2. Así mesmo, de acordo co disposto no artigo 5.f), a autoridade competente española deberá adoptar as disposicións organizativas necesarias para que o equipo poida actuar.

Artigo 7. *Execución de medidas de investigación.*

1. O xefe do equipo poderalles encomendar ós membros destinados a participación ou a execución por si mesmos de determinadas medidas de investigación.

2. Cando sexa necesaria a adopción de medidas de investigación no territorio dun dos estados que constituísen o equipo conxunto de investigación, os membros destinados por ese Estado poderanlles pedir ás súas autoridades que adopten tales medidas nas mesmas condicións que se fosen solicitadas no marco dunha investigación nacional.

3. De se considerar necesaria a adopción de medidas ou a petición de axuda a un Estado membro que non participase na creación do equipo ou dun terceiro Estado, a autoridade competente española encargarse de formula-la dita petición.

Artigo 8. *Fins da información obtida.*

A información que poidan obter os membros do equipo conxunto de investigación como consecuencia desta poderase utilizar para os seguintes fins:

a) Para os que se crease o equipo.

b) Para descubrir, investigar e axuizar outras infraccións penais, logo de autorización do Estado no que obtivesen a información. A dita autorización unicamente se poderá denegar cando a utilización da información poña en perigo outras investigacións penais naquel Estado.

c) Para evitar unha ameaza inminente e grave para a seguridade pública, sen prexuízo do disposto na letra b) deste artigo.

d) Para outros fins, sempre e cando así o conviñesen os estados que crearon o equipo.

Artigo 9. *Ampliación do ámbito de actuación.*

1. No caso de que varíen as circunstancias que motivaron a investigación para a que se creou o equipo, aquela poderase estender a feitos que garden conexión directa co obxecto do acordo, ou ampliarse o período polo cal foi inicialmente acordada, co consentimento de tódolos estados que constituíron o equipo, sen necesidade doutro acordo expreso.

2. Non obstante o anterior, cando os estados afectados poñan en coñecemento da autoridade competente española as citadas circunstancias, esta poderalle comunica-la necesidade de formalizar outro acordo que proporcione cobertura ás novas investigacións.

Artigo 10. *Modificacións na composición do equipo.*

1. As autoridades competentes dos estados que creasen o equipo conxunto de investigación, poderán acorda-la incorporación a este de persoas que non sexan representantes daqueles, en especial de funcionarios de organismos creados de conformidade co Tratado da Unión Europea, ós que se refire a disposición adicional segunda desta lei.

2. Cando se incorporen as persoas sinaladas no punto anterior, non gozarán dos dereitos concedidos ós membros do equipo ou destinados nel, salvo que o acordo de constitución estableza o contrario.

Artigo 11. *Responsabilidade patrimonial dos membros destinados.*

1. No exercicio das actividades propias da investigación, os membros destinados estarán suxeitos ó mesmo réxime de responsabilidade patrimonial que as autoridades e os seus axentes e os funcionarios públicos españois.

2. A autoridade competente española indemnizará os particulares por calquera lesión que sufrisen nos seus bens ou dereitos como consecuencia do funcionamento ou das actividades do equipo conxunto de investigación, salvo nos supostos de forza maior.

3. Cando o dano sexa imputable a un membro destinado ó equipo, a autoridade competente española poderalle esixi-lo importe do resarcimento ó Estado membro ó cal represente.

CAPÍTULO III

Constitución dun equipo conxunto de investigación que vaia actuar fóra de España

Artigo 12. *Acordo de constitución.*

1. A autoridade competente española será a encargada de solicita-la creación dun equipo conxunto de investigación ou decidir sobre a participación española en equipos que se vaian crear por instancias doutros estados.

2. Para estes efectos, a autoridade competente española poderá solicitar informe ós organismos afectados pola materia obxecto da investigación.

3. Cando se trate da creación dun equipo por instancias da autoridade competente española, a solicitude de acordo deberá conte-lo disposto no artigo 5 desta lei, así como cantas prescricións esixa a normativa do Estado no que vaia actua-lo equipo.

Disposición adicional primeira. *Normativa aplicable.*

1. A actuación do equipo conxunto de investigación no territorio español rexerá polo establecido na Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial; na Lei orgánica 2/1986, do 13 de marzo, de forzas e corpos de seguridade; na Lei de axuizamento criminal; na Lei 50/1981, do 30 de decembro, pola que se regula o Estatuto orgánico do Ministerio Fiscal; no Real decreto 769/1987, do 19 de xuño, de regulación da policía xudicial, e demais disposicións aplicables.

2. Cando se trate dun equipo conxunto de investigación que solicitase crear ou na creación do cal participase a autoridade competente española, a súa actuación fóra do territorio español rexerá polo establecido na normativa aplicable no Estado no que vaia actuar.

Disposición adicional segunda. *Participación de unidades especializadas da Unión Europea.*

Aplicaráselle-las previsións desta lei ós equipos conxuntos de investigación que se puidesen crear, se é o caso, no ámbito da Unidade «EUROJUST», da Oficina Europea de Policía «EUROPOL» e da Oficina Europea de Loita Antifraude «OLAF».

Disposición adicional terceira. *Información ás comunidades autónomas.*

Ás comunidades autónomas con competencias para a protección de persoas e bens e para o mantemento da orde pública, poderáselles facilitar, no ámbito das xuntas de seguridade, información derivada da actuación de equipos conxuntos de investigación cando poida resultar de interese para o exercicio das súas competencias.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Quedan derogadas cantas disposicións se opoñan ó disposto nesta lei.

Disposición derradeira primeira. *Habilitación normativa.*

Habílitase o Goberno para dictar cantas disposicións sexan necesarias para o desenvolvemento desta lei.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Esta lei entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Por tanto,

Mando a tódolos españois, particulares e autoridades, que cumpran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 21 de maio de 2003.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
JOSÉ MARÍA AZNAR LÓPEZ